

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O GRUPO EL PROGRESO PARA A XERACIÓN DE RECURSOS DIXITAIS ACCESIBLES PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DA PUBLICACIÓN *EL PROGRESO* E DESTINALOS A SÚA INTEGRACIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

### Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde velar pola difusión e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestar servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, así como a de constituír e manter unha biblioteca virtual que asegure a presenza da produción bibliográfica galega, e da relacionada co ámbito lingüístico e temático galego, na Internet.

Dentro dese ámbito competencial, a *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia*, establece no seu artigo 10.2 que a Biblioteca de Galicia, dependente da Consellería, ten a función de constituír a biblioteca dixital galega e actuar como centro de referencia en materia de dixitalización do material cultural. Desde o 2008, ano da súa creación, Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (en diante Galiciana-BDG) non deixou de incrementar a súa colección de obras dixitalizadas, tanto de orixinais procedentes dos fondos da propia Biblioteca de Galicia como doutras institucións da memoria que custodian fondos do patrimonio bibliográfico galego.

Con este fin, procederáse á incorporación da dixitalización e tratamento bibliográfico de novos números do xornal *El Progreso* á colección de prensa histórica galega accesible a través de Galiciana-BDG.





## Descrición da operación

A formalización do convenio ten por obxecto a creación e integración en Galiciana-BDG de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos de novos números da publicación *El Progreso* depositada na sede do Grupo El Progreso, coa finalidade de mellorar o acceso ao contido de dita publicación e lograr a súa preservación.

## Obxectivo do convenio

A transformación a imaxe dixital dun mínimo de 32.000 novas páxinas dos números que se publicaron a partir de 01/01/1969 e a súa integración en Galiciana-BDG.

Unha parte importante da colección do xornal *El Progreso* xa foi obxecto dun proceso de dixitalización sistemática impulsado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que deu como resultado o acceso a través da Biblioteca Virtual de Prensa Histórica dos números publicados entre 1 de setembro de 1908 (Ano-I Número 14) e o 31 de decembro de 1940 (Ano XXXIII-Número 13.892). No ano 2019 a Consellería impulsou un novo proceso de dixitalización sistemática sobre os números desta cabeceira que permitiu dar acceso a través de Galiciana-BDG ao rango cronolóxico que vai desde 1941 a 1968. Mediante este novo convenio preténdese alcanzar o obxectivo de dar acceso dixital aos números do xornal desde o 01/01/1969 ata, como mínimo, 1974.

## Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución deste convenio non supón novos compromisos económicos adicionais para as partes asinantes diferentes aos que poidan asumir a través dos seus medios propios e mediante as aplicacións orzamentarias ordinarias que faciliten o seu funcionamento.

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma.

## Xustificación da necesidade de asinar o convenio:





Por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades maniféstase o especial interese en asinar este convenio co obxecto de:

1. Reducir a manipulación e o uso de materiais orixinais fráxiles ou utilizados intensivamente, como é o caso de *El Progreso* e crear unha "copia de seguridade" desta publicación.
2. Garantir a conservación e o acceso a unha colección hemerográfica de excepcional valor informativo. *El Progreso* é un xornal de referencia non só para a provincia de Lugo, senón tamén para toda a Comunidade Autónoma xa que é unha das publicacións periódicas diarias galegas aínda vivas máis lonxevas.
3. Incrementar a colección de prensa histórica galega en Galiciana-BDG para tratar de ofrecer aos usuarios a información máis completa posible e facilitarlles un punto único de acceso.
4. Permitiría unha difusión máis ampla do xornal *El Progreso*, grazas a participación de Galiciana nos proxectos de Hispana e Europea.

Pola súa parte, o Grupo El Progreso, persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual do periódico *El Progreso*, facilitaría o acceso universal a través de Internet a un xornal de referencia para todos os investigadores e estudosos. Ademais, o Grupo El Progreso posúe unha das dúas coleccións completas en papel existentes na nosa comunidade deste xornal de interese para Galicia. A outra colección atópase na Biblioteca Pública de Lugo pero polo seu estado de conservación, moi deteriorado polo uso, non é recomendable sometela a un proceso de dixitalización sistemática. A colección existente no Grupo El Progreso si cumpre coas garantías de conservación necesarias para asegurar unha dixitalización de calidade.

### **Normativa aplicable**

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas





- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio de 2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 4 de xullo de 2022).

Polo tanto, trátase da formalización dun convenio que carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas económicas por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Santiago de Compostela, (documento asinado electronicamente).  
O director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

